



Clasificación

Reino Animalia
Filum Nemertea
Clase Pilidiophora

Orde Heteronemertea
Familia Lineidae

Descrición

Nemertino acintado que pode chegar a alcanzar os 100 centímetros de lonxitude por 25 milímetros de ancho, aínda que a súa gran capacidade de contracción pode reducir a súa lonxitude á metade aumentando o seu grosor. A cabeza é de forma lixeiramente triangular cun ápice máis ou menos aguzado, presenta nos seus laterais uns amplos e profundos sucos cefálicos e na súa parte posterior inferior, unha boca alongada e ben visible. Non ten ollos, pero presenta manchas oculares, aínda que o seu diminuto tamaño as fai imperceptibles a simple vista. O seu corpo é comprimido dorsoventralmente, con agudas marxes laterais e finaliza nun delgado cirro caudal transparente. As dobras epidérmicas transversais de tamaño variado danlle ao nemertino unha aparencia engurrada irregular, especialmente cando presenta o seu corpo comprimido. A súa cor é tipicamente gris amarronada uniforme, coas marxes laterais abrancazadas ou translúcidas, a través das cales poden ás veces facerse visibles por transparencia as cordas laterais nerviosas de cor rosada. Descríbironse exemplares de cor marrón verdosa e marrón azulada. Os xuvenís son normalmente máis pálidos e os exemplares vellos adoitan presentar a parte dorsal máis escura que a ventral.



Hábitat e Bioloxía


Desde a zona submareal ata os 150 metros de profundidade, de día agóchanse baixo rochas, enterrado en substratos brandos ou retando entre algas ou sobre o fondo e de noite pódense encontrar nadando libremente. É un nadador moi activo, capaz de desprazarse nadando con movementos serpentiformes ocasionados por fortes movementos ondulatorios dorsoventrais.

Especies semellantes

A súa forma acintada, a súa cor coas marxes laterais do seu corpo máis claros e o seu tamaño —é un dos nemertinos de maior lonxitude dos nosos fondos mariños— fano facilmente identificable.

Distribución

É un animal moi común en todo o hemisferio norte, onde presenta unha ampla distribución. En augas europeas a súa distribución abarca desde o sur de Noruega ata o Mediterráneo.



Curiosidades

O nome da especie, *marginatus*, é un epíteto latino que significa 'marxinada', 'con marxes' e refírese ás súas distintivas marxes corporais.

É capaz de enterrarse e desprazarse entre a area facilmente, axudado por unha secreción aceitosa que segrega a súa epiderme. Frágmentase (autotomiza) rapidamente cando é manexado.